

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 02 DE FEBREIRO DE 2022 POLA QUE SE PROCEDE Á CONVOCATORIA DO ANO 2022 DE AXUDAS PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DOCENTES QUE PROMOVAN A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

### BASES XERAIS

#### 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O obxecto da presente convocatoria é ofrecer financiamento para a organización de actividades docentes que promovan a perspectiva de xénero e que estean dirixidas fundamentalmente ao alumnado da Universidade de Vigo de calquera área de coñecemento.

As actividades propostas deben estar vinculadas á práctica docente e contemplar contidos que axuden a incorporar a transversalidade de xénero na formación do alumnado e que impulsen a transmisión de valores igualitarios para a adquisición da súas competencias profesionais e o seu desenvolvemento persoal.

Poderá presentarse á convocatoria calquera membro do Persoal Docente e Investigador (PDI) con docencia asignada no Plan de Ordenación Docente (POD) pero só se admitirá unha solicitude por cada persoa.

A responsabilidade do programa para o que se solicita a axuda poderá ser compartida por un máximo de dúas persoas.

Os programas para os que se solicite a axuda terán o **14 de novembro 2022** como data límite de realización.

Os gastos subvencionables solicitados poderán cubrir os seguintes conceptos:

- A) Conferencias: Disertacións realizadas por unha ou máis persoas.
- B) Xornadas: Reunións habitualmente monográficas de curta duración.
- C) Actividades: calquera tipo de acción que implique un impacto positivo no alumnado de cara á promoción de valores igualitarios tales como obradoiros,

seminarios, ligas de debate, exposicións, ciclos de cine, representacións teatrais, concursos, talleres de lectura ... a realizar nos centros da Universidade de Vigo.

Todas as accións para as que se solicite financiamento ao abeiro desta convocatoria e sexan susceptibles de recoñecemento de créditos ECTS poderán solicitalo á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria.

## 2. FORMALIZACIÓN, ENTREGA E PRAZOS DAS SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) no procedemento Axudas actividades docentes con perspectiva de xénero. O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria ata o 16 de febreiro de 2022

Deberán vir acompañadas dos seguintes documentos:

- a) Formulario de solicitude (Anexo I)
- b) Financiamento ( Anexo II)
- c) Descrición do programa a desenvolver (Indicar os obxectivos e as actuacións concretas con datas e lugar de presentación. Máximo 4 páxinas)
- d) Breve currículo das persoas responsables (debe facer referencia a actividades relacionadas con temas de xénero. Máximo 4 páxinas)
- e) Documento acreditativo de ter solicitado, se é o caso, recoñecemento de créditos ECTS á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria

Se a documentación achegada non reunise os requisitos que se esixen na presente resolución, requirirase á/s persoa/s responsable/s do programa para que nun prazo non superior a 10 días subsane as carencias ou erros a través da sede electrónica empregando o procedemento xenérico SXER- Emenda e mellora da solicitude. Se así non o fixese arquivarase a súa solicitude sen máis trámites.

Poderá solicitarse calquera información adicional sobre a presente convocatoria na Unidade de Igualdade a través dos seguintes medios:

Enderezo electrónico: [igualdade@uvigo.es](mailto:igualdade@uvigo.es) Teléfono: 986813419

## 3. CONTÍA E NATUREZA DAS AXUDAS

Os gastos que orixinen as actividades docentes subvencionadas cubriranse por conta do vixente subprograma de gastos da Unidade de Igualdade por **un importe máximo de 9.000 euros** con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

- 2022 00RS 421S 226.06: Cursos, conferencias e seminarios

Por tratarse dun expediente de tramitación anticipada, este importe máximo é estimado polo que o financiamento dos gastos que se deriven desta convocatoria, quedan condicionados á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento de autorizar o compromiso de gasto coas diferentes empresas proveedoras que realicen os servizos necesarios para levar a cabo a actividade.

Os gastos subvencionables serán unicamente os gastos correntes correspondentes á posta en marcha e desenvolvemento dos programas obxecto desta convocatoria. Poderanse subvencionar os gastos de viaxe de conferenciantes, o pagamento de conferencias, o traslado de obras artísticas, aboamento de dereitos de exhibición ou calquera outro estritamente necesario para levar a cabo o programa concreto para o que se solicita a axuda, agás os sinalados no seguinte parágrafo.

Os gastos **non poderán contemplar en ningún caso** retribucións de persoal, vencellado estatutaria ou contractualmente á Universidade de Vigo, gastos protocolarios nin gastos de publicidade.

O financiamento obtido a través desta convocatoria é compatible co obtido a través doutras vías externas á Universidade de Vigo sen que poida superar, en ningún caso, o 100% do custo da actividade programada.

No caso de que o programa conte con financiamento externo coordinado, deberá sinalarse na solicitude e presentar a proposta de orzamento exclusivamente polo importe polo que se solicita a axuda.

Ao abeiro desta convocatoria non se poderán presentar solicitudes para cofinanciar calquera dos cursos rexidos polo *Regulamento de Títulos propios de posgrao e outros cursos* aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 22/07/2003 ou calquera outra actividade que funcione en réxime de autofinanciamento.

No suposto de que os orzamentos das actividades docentes solicitadas superen a consignación orzamentaria, en función da puntuación obtida e por acordo previo da comisión de avaliación, poderase decidir que as que superen determinada puntuación se financien totalmente e as restantes en proporción ou todas proporcionalmente.

En calquera caso, ningunha solicitude poderá acadar unha axuda superior a **2.000 euros**.

No caso de conferencias, a cantidade máxima que se poderá aboar será de 250 euros brutos por conferencia individual e/ou por mesa redonda. Esta cantidade deberá incluír os gastos de manutención das persoas invitadas. A excepcionalidade deste límite orzamentario deberase solicitar xustificándose na traxectoria e prestixio profesional da/s persoa/s invitada/s. No caso de mesas redondas, a excepcionalidade poderá xustificarse en que a intervención de cada participante consista nunha exposición individual igual ou superior a 20 minutos.

A comisión de avaliación acordará a puntuación mínima para considerarse unha actividade docente subvencionable.

As solicitudes serán avaliadas en función dos criterios que se recollen na base cuarta desta convocatoria, obténdose como resultado da devandita avaliación unha listaxe ordenada de solicitudes por puntuación.

#### **4. CRITERIOS E COMISIÓN DE AVALIACIÓN**

As propostas serán avaliadas de acordo cos seguintes criterios:

- a) Adecuación da proposta aos obxectivos da convocatoria: ata 25 puntos
- b) Calidade: ata 20 puntos
- c) Viabilidade das propostas: ata 15 puntos
- d) Experiencia en xénero e organizativa de quen solicita a subvención: ata 15 puntos
- e) Adecuación dos recursos financeiros previstos aos obxectivos que se propoñen: ata 15 puntos
- f) Actividades con recoñecemento de créditos ECTS: ata 10 puntos

A comisión avaliadora estará formada por :

- **Águeda Gómez Suárez**, directora da Unidade de Igualdade que actuará como presidenta.
- **Almudena Fernández Fariña**, profesora titular da Universidade de Vigo do ámbito das Artes e Humanidades
- **Xosé Manuel Pacho Blanco**, profesor axudante doutor da Universidade de Vigo

Só se valorarán as actividades acordes co obxecto desta convocatoria de contribuír á introdución da perspectiva de xénero na docencia e de promover a transmisión de valores igualitarios entre o alumnado da Universidade de Vigo.

## 5. RESOLUCIÓN

Aprobada a proposta de resolución definitiva, o reitor resolverá motivadamente o procedemento de concesión do financiamento para gastos que se convocan. A resolución, que esgota a vía administrativa, publicarase no taboleiro oficial da sede electrónica.

O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses, contados dende a data de remate do prazo de presentación de solicitudes. No caso de que transcorrido o devandito prazo non conste resolución expresa da solicitude, poderase entender denegada, sen prexuízo de que con posterioridade sexa resolta.

## 6. SEGUIMIENTO

Quen reciba axudas na presente convocatoria deberá:

- a) Informar á Unidade de Igualdade da programación subvencionada cun mínimo de dúas semanas de antelación á súa realización e comunicar calquera alteración que se produza no programa. A comisión de valoración poderá decidir revogar a axuda concedida no seu importe total ou parcial se considera que as alteracións producidas modifican substancialmente as condicións tidas en conta para conceder a axuda.

- b) Facilitar á Unidade de Igualdade todos os datos persoais e fiscais necesarios para poder tramitar facturas e aboamentos dende a Unidade nun prazo máximo de 10 días dende a realización do programa
- c) Presentar unha memoria xustificativa segundo modelo que estará a disposición na páxina web oficial da Unidade de Igualdade nun prazo máximo de 20 días dende a finalización do programa. (Anexo III)

O non cumprimento destas obrigas excluírá á persoa que a solicitase de futuras concesións de financiamento, reservándose a Universidade de Vigo o dereito a iniciar medidas tendentes a esclarecer as posibles irregularidades e a revogación do financiamento concedido no seu importe total ou parcial.

Todos os programas subvencionados parcial ou totalmente pola presente convocatoria deberán facer mención ao patrocinio da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

As persoas responsables da solicitude, recibirán un diploma acreditando o seu labor de coordinación do programa levado a cabo.

## **7. RÉXIME DE RECURSOS**

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

## **8. PROTECCIÓN DE DATOS**

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se

derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de ofrecer financiamento para a organización de actividades docentes que promovan a perspectiva de xénero e amparados pola lei Resolución reitoral do 01 de febreiro de 2022 pola que se procede á convocatoria do ano 2022 de axudas para a organización de actividades docentes que promovan a perspectiva de xénero na Universidade de Vigo

Coa súa participación neste convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico [igualdade@uvigo.es](mailto:igualdade@uvigo.es)

Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderá exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico [SXER – Exercicio dereitos sobre protección de datos](#)) ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de

Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: [dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal)

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

O reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger